

UD 8

O ESPAZO NATURAL, RURAL E URBANO. FORMAS DE POBOAMENTO E A SÚA TRANSFORMACIÓN. EVOLUCIÓN EN ESPAÑA E GALICIA E RETOS DE FUTURO

1. ESPAZO NATURAL, RURAL E URBANO

O **espazo natural** refírese a aquel que non está modificado polo ser humano. Cando falamos de **poboamento**, referímonos ao xeito no que a poboación vive nun territorio. Calquera tipo de poboamento supón unha transformación do medio natural realizada polas persoas; o resultado é unha paisaxe humanizada.

Segundo como se realice, o poboamento pode ser de dous tipos:

- **Rural:** a poboación aséntase en pobos ou casas illadas no campo.
- **Urbano:** a poboación establécese en cidades.

Existen uns criterios para diferenciar os núcleos de poboación urbanos dos rurais: o número e a concentración dos habitantes, as actividades económicas da poboación, a forma e o tamaño das rúas e edificios, a extensión territorial, os equipamentos e servizos públicos...

2. O POBOAMENTO RURAL

Algo menos da metade da poboación mundial reside en núcleos rurais, e van diminuindo progresivamente, mentres que a poboación urbana aumenta. As zonas rurais adoitan ter localidades de menos de 10.000 habitantes. As súas **características** xerais son:

- A densidade de poboación é baixa.
- O poboamento é disperso (vivendas illadas) ou concentrado en pequenos pobos.
- As vivendas son baixas e as rúas estreitas.
- A zona poboada e as vivendas contan con espazos agrícolas e gandeiros moi próximos.
- As actividades económicas principais son as agrarias –sector primario- (agricultura e gandería) e os servizos –sector terciario- relacionados co transporte (zona de paso) ou co turismo rural.
- O nivel de vida dos habitantes é moi similar, sen haber moitas diferenzas, de xeito que forman un único grupo social.
- A sociabilidade rural é de contacto entre os veciños e aínda se manteñen redes de axuda que no mundo urbano xa desapareceron.

Segundo o modo no que se distribúe a poboación rural, podemos distinguir tres tipos de poboamento rural:

- Poboamento **disperso**: a poboación habita en casas, granxas, caseríos ou aldeas repartidas polo campo.

- Poboamento **concentrado**: as vivendas agrúpanse formando núcleos de poboación nos que residen os habitantes e se localizan todos os servizos.
- Poboamento **intercalar**: é un poboamento intermedio entre os anteriores, con edificios illados entre os núcleos de poboación.

Os **pobos** son as unidades básicas de asentamento no poboamento rural. Pódense clasificar segundo a súa forma:

- **Pobo rúa ou lineal**. As vivendas sitúanse a ámbolos dous lados dunha vía de comunicación (rúa, estrada, vía de ferrocarril) ou dun río.
- **Pobo concentrado ou nuclear**. As casas atópanse arredor dun núcleo central (por exemplo, unha praza), onde se localiza un edificio importante (concello, igrexa, etc.).
- **Pobo radial**. As vivendas concéntranse en torno a un núcleo central, do que parten varias rúas ou vías radiais que se prolongan en camiños.

A **rede viaria** do espazo rural e as súas comunicacións realízanse a través de:

- **Camiños rurais**. Permiten a comunicación entre núcleos de poboación e entre estes e as áreas cultivadas.
- **Vías pecuarias**. Son lugares de paso para o gando que se traslada en busca de pastos. Segundo a súa lonxitude e anchura reciben diferentes nomes (cañadas, cordeis, veredas).

Xunto a rede viaria rural, tamén existe o sistema viario (autoestradas, estradas, liñas de ferrocarril) que comunican os pobos cos principais núcleos urbanos.

2.1. TRANSFORMACIÓNS NO POBOAMENTO RURAL

A despoboación é un dos retos demográficos máis importantes que afronta a sociedade española actual, estando gran parte das áreas rurais caracterizadas por saldos vexetativos e migratorios negativos.

O despoboamento en boa parte das áreas rurais españolas é un fenómeno probablemente irreversible. A crise está unida a aspectos como a crise do sistema agropecuario tradicional e aos cambios sociais e de mentalidade, a denominada modernización social (cambios producidos na sociedade española entre as décadas de 1960 e 1980). Foi fundamental na crise do sistema de poboamento a revolución tecnolóxica, especialmente nos medios e sistemas de transporte.

A densidade de poboación (14-18 habs/km²) diminúe desde mediados do S.XX. O éxodo rural dos anos do *desarrollismo* e a modernización agraria baleirou os campos, provocou o abandono de terras marxinais, a conversión en matogueiras dos pastizais polo abandono do pastoreo e as queimas controladas periódicas, e a falta de limpeza dos montes, ademais do retroceso demográfico e o abandono das prácticas gandeiras tradicionais, que favoreceu o aumento dos incendios.

As áreas do interior, especialmente as de montaña, son baleiros demográficos (terras altas do Sistema Ibérico, provincias de Soria, Teruel, Guadalajara, Cuenca, Pireneo, Cordilleira Cantábrica, Montes de León, penechairs de Zamora e Salamanca. Do abandono se libraron algunhas comarcas de regadío, de vide ou de outros aproveitamentos adicados a cultivos máis esixentes en man de obra. O campo español modificou o seu modo de vida, a súa economía, o seu poboamento e a forma de explotación do solo. Salváronse as áreas periurbanas, as turísticas e determinados enclaves privilexiados e centros comarcais, pero a costa de transformar a súa economía tradicional.

A agricultura é unha actividade fundamental, pero non é a principal, xa que son os servizos, como sucede en calquera economía moderna. As actividades tradicionais clave do mundo rural español son a agricultura e a construción.

O espazo rural profundo e estancado situado no interior da España peninsular é un páramo demográfico con baixas densidades de poboación (<10 habs/km²), cunha poboación en regresión, envellecida, desvitalizada e desestruturada, a consecuencia do baleirado dos últimos 50 anos. Son territorios illados, alonxados dos eixes de forza económica do país. Os focos de poboamento peninsular, agás Madrid e outros poucos secundarios, son exteriores, e foron aumentando os desequilibrios territoriais. A pasividade da poboación e a falta de actividade económica fan destas terras un lugar marxinal, aínda que teñan unha economía diversificada, pero débil e de baixo perfil. O turismo rural, os produtos de calidade ou a venda por Internet poden atraer algúns profesionais, pero segue sendo un escenario de despoboamento, escaseza e lonxanía dos servizos.

En Andalucía, Galicia, Murcia e Alicante existen núcleos de poboamento próximos que integran a outros máis pequenos na dinámica do desenvolvemento rural. O espazo rural dinámico localízase onde hai actividades económicas e de centros urbanos que actúan como polos para o desenvolvemento rural. É o caso do arco mediterráneo, a periferia urbana de Madrid, o eixe do Ebro, o interior de Andalucía, a costa galega e asturiana, ou o interior do País Vasco.

Habería que tratar de reter a poboación rural dotando aos pobos dos elementos que permitan un nivel e calidade de vida comparable ao resto do territorio. Non se poden deixar atrás os núcleos menos viables, senón que hai que manter a prestación de servizos, dotación de equipamentos ou o fomento do emprendemento, a pesares de que non sirvan para deter o proceso de despoboamento. Porén o proceso de despoboamento nas áreas rurais non pode supoñer o abandono da actividade, xa que a tecnoloxía de transporte e telecomunicacións permite manter actividades en áreas rurais de baixa densidade e relocar a poboación en núcleos de maior tamaño.

2.2. O POBOAMENTO RURAL EN GALICIA

Nas últimas décadas o modelo de poboamento disperso cambiou polo desenvolvemento da urbanización e a aglomeración, avanzando o despoboamento e o abandono de núcleos a un ritmo imparable. En gran parte do territorio a realidade é o envellecemento e esgotamento demográfico xeralizado. Acentúase a brecha demográfica entre o litoral e o interior, dando como resultado un territorio fondamente desequilibrado. Nos procesos de despoboamento hai que considerar a demografía, a economía e outros aspectos sociais e sociolóxicos.

3. O POBOAMENTO URBANO

O poboamento urbano é o resultado dun proceso de concentración da poboación en cidades. Este proceso é crecente, máis en Oceanía, América e Europa, e menos en África e Asia. Pódese dicir que vivimos nun mundo de cidades (o 56% da poboación mundial é urbana). As zonas urbanas caracterízanse pola concentración da poboación en cidades (localidades de máis de 10.000 habitantes) e por:

- A densidade de poboación é alta.
- O poboamento urbano caracterízase por ter unha morfoloxía dividida en zonas ou barrios diferenciados.

- Os edificios, en xeral, son de varias plantas e situados en rúas anchas.
- A zona poboada está rodeada de zonas industriais e de ocio.
- As actividades económicas son os servizos –sector terciario- (comercio e ocio) e as actividades industriais –sector secundario-.
- O nivel de vida das persoas que viven nas zonas urbanas pode ser moi diferente, distinguíndose zonas segundo o nivel económico dos residentes, con vivendas de moi distintas calidades.
- Os individuos tenden ao illacionismo, e o contacto entre os veciños non ten que ver co que se dá no campo.

O crecemento das cidades dá lugar ao agrupamento de grandes núcleos urbanos de diferentes dimensións, entre os que se atopan:

- **Áreas metropolitanas.** Formadas por un núcleo central denominado metrópole e outros núcleos urbanos menores. A metrópole centraliza a actividade administrativa, económica e cultural, mentres que os núcleos urbanos próximos acollen aeroportos, zonas residenciais, industrias, etc.
- **Conurbación.** Orixínase cando dúas ou máis cidades próximas se unen ata formar un só conxunto urbano, aínda que cada cidade manteña a súa independencia administrativa.
- **Megalópole.** É o resultado da unión entre varias conurbacións. Trátase de grandes extensións de terreo moi poboadas, como por exemplo a que se estende de Boston a Washington (EEUU), ou de Amsterdam a Stuttgart en Europa.

3.1. FUNCIÓNS DA CIDADE

- **FUNCIÓN RESIDENCIAL.** Aínda que a desenvolven todas as cidades, é prioritaria naquelas nas que predominan as vivendas sobre os comercios, industrias, monumentos históricos...
- **FUNCIÓN COMERCIAL.** Aínda que estea presente en todos os núcleos urbanos, nalgúns abundan as tendas, grandes almacéns, supermercados e centros comerciais.
- **FUNCIÓN INDUSTRIAL.** Na actualidade tende a localizarse nas aforas ou na periferia urbana. Son exemplo Detroit, Milán ou Rotterdam.
- **FUNCIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA.** É a que desenvolven cidades que concentran organismos políticos e administrativos de ámbito local, rexional e internacional. É o caso de Bruxelas, con moitas das institucións da UE, ou Nova York, sede da ONU.
- **FUNCIÓN CULTURAL.** Exercida por cidades que posúen centros educativos relevantes, como Oxford, Lovaina ou Salamanca. Únense as que teñen un patrimonio histórico-artístico de gran interese, como Florencia ou Toledo. A función cultural tamén se vencella á relixiosa, característica de cidades como A Meca, Xerusalén ou O Vaticano.

3.2. O PLANO URBANO

O plano é a representación gráfica da distribución dos espazos edificados (vivendas, edificios públicos, etc.) e os espazos libres (rúas, prazas, parques) dunha cidade. Segundo a súa forma, atopamos:

- **PLANO ORTOGONAL OU EN CUADRÍCULA.** Presenta rúas rectas que se cruzan perpendicularmente. Entre as súas vantaxes están que pode ampliarse sen dificultade e facilita a división administrativa da cidade. Porén, entre os seus inconvenientes están que non se pode adaptar a todos os relevos e dificulta a circulación de coches. Este problema soluciónase construíndo avenidas diagonais. Bos Aires, Nova York ou Barcelona son cidades construídas desta forma.

- **PLANO RADIOCÉNTRICO.** Caracterízase pola existencia dun punto central do que parten unha serie de rúas e vías en sentido radial, cortadas por outras en forma de círculos concéntricos. Entre as súas vantaxes, atópase a facilidade de comunicación entre o centro e a periferia e poder adaptarse a diversas formas do relevo. O seu principal inconveniente é a dificultade de circulación dos coches. Cidades como Moscova, Milán ou Vitoria-Gasteiz teñen esta forma.
- **PLANO IRREGULAR.** Non resposta a unha forma xeométrica definida, ao estar formado por un complexo entramado de rúas estreitas de trazado irregular e con calellas sen saída. Adoita corresponder á zona antiga (casco histórico). Os seus inconvenientes son a dificultade para o tráfico de vehículos e a falta de espazos amplos (prazas ou parques). Os centros históricos de cidades como Sevilla, Córdoba, Granada, Madrid e Toledo, teñen este tipo de plano.

3.3. A EDIFICACIÓN URBANA

Os principais tipos de edificacións que se poden atopar nunha cidade son:

- Edificios en bloque. Formados por varias plantas, chegando a denominarse rañaceos cando a altura é moi elevada.
- Edificios antigos. Localízanse nos centros históricos das cidades e poden ser vivendas, palacios, igrexas, concellos, hospitais, universidades. Algúns deles son Bens de Interese Cultural.
- Vivendas unifamiliares. Son construcións illadas ou adosadas, dunha ou dúas plantas, habitadas por persoas cun alto nivel de recursos económicos. Están rodeadas de xardíns e localízanse polo xeral na periferia das cidades.
- Chabolas ou edificacións espontáneas. Levántanse nas aforas das grandes cidades dos países menos desenvolvidos, onde chegan a formar grandes barrios. As vivendas están feitas con materiais de refugallo (cartóns, chapas, pneumáticos). En Brasil este tipo de vivendas son as *favelas*.

3.4. A TRANSFORMACIÓN DO ESPAZO URBANO

AS CIDADES GLOBAIS

Desde finais do S.XX, a globalización económica transformou o espazo urbano e favoreceu a aparición dun novo tipo de cidades: as **cidades globais**. Son lugares privilexiados, moi atractivos por diferentes razóns:

- ✓ Concentran as sedes dos principais bancos, empresas multinacionais, bolsas e mercados financeiros.
- ✓ Son centros de produción das actividades máis innovadoras e dos servizos máis avanzados a escala mundial.
- ✓ Controlan a maioría dos intercambios internacionais como os capitais, a información, as experiencias culturais, a tecnoloxía da produción, os transportes e as telecomunicacións.

Nova York, Londres e Tokio son cidades globais, xa que se converteron en centros indiscutibles da economía global. Outros centros importantes a nivel mundial polos seus servizos financeiros e empresariais son: Hong Kong, Osaka, Beijing, Frankfurt, París, Los Ánxeles, San Francisco, Amsterdam, Moscova e Milán.

Nos países menos desenvolvidos tamén hai cidades que reúnen funcións semellantes ás cidades globais, como Cidade de México, Sao Paulo, Bangkok e Istambul.

Para adaptarse ás novas funcións globais, as grandes cidades sufriron notables transformacións socioeconómicas. Necesitaron cuantiosos investimentos, tanto públicos como privados. O resultado foi a construción de novas infraestruturas de transportes (maiores e máis modernos aeroportos, ferrocarrís urbanos, máis autoestradas e trens de alta velocidade), mellores e máis rápidas redes de telecomunicación, edificios intelixentes, modernos bloques de oficinas, hoteis de luxo, centros de convencións, centros culturais, comercios, etc. Como consecuencia deste aumento da construción, as grandes cidades experimentaron unha forte suba nos prezos do solo e dos edificios.

As cidades están unidas por intercambios de todo tipo (persoas, vehículos, información) formando redes urbanas. No mundo actual, as redes urbanas están interconectadas entre si e forman unha rede global, onde as grandes cidades actúan como nodos ou puntos de conexión. As grandes cidades inflúen sobre o territorio que as rodea, pero cun nivel de autonomía tal que poden relacionarse máis intensamente con outras cidades da rede global que coas da súa propia área de influencia. Segundo o seu ámbito de interacción, unha rede urbana pode ser mundial, rexional ou nacional.

DESIGUALDADES TERRITORIAIS E SOCIAIS

A globalización non só é económica ou financeira, senón que é un proceso que abrangue actividades sociais, culturais, laborais e ambientais. Supón moitas vantaxes, pero tamén acentúa a pobreza e as desigualdades sociais. O fenómeno da globalización privilexia unhas cidades por riba de outras e, dentro dunha mesma cidade, tamén favorece determinadas zonas residenciais. Nos últimos tempos agudizáronse as desigualdades sociais e territoriais dentro das cidades. As vivendas urbanas distribúense no territorio segundo o poder adquisitivo da poboación que as habita.

- **CENTRO.** Os centros das cidades foron experimentando cambios:

En ocasións, recupéranse espazos do centro histórico mediante a transformación dalgúns edificios en hoteis, restaurantes, vivendas turísticas ou centros comerciais con tendas de deseño. Este proceso coñécese como *elitización*. Os novos servizos exclusivos inflúen nunha suba dos prezos do solo, de forma que atraen a residentes cun nivel de vida elevado. Paralelamente, os residentes habituais tenden a abandonar estes sectores da cidade na procura de barrios economicamente máis alcanzables.

Tamén hai barrios do centro que se deterioran pola falta de investimentos en infraestruturas e equipamentos por parte do poder público ou da iniciativa privada. A poboación de escasos recursos queda relegada a estas zonas degradadas do centro da cidade, onde os servizos non chegan ou son deficientes.

- **NOVAS ZONAS PRIVILEXIADAS.** As persoas con ingresos máis elevados buscan as zonas privilexiadas da cidade para situar nelas as súas vivendas confortables e luxosas, e algúns espazos de ocio exclusivos. Xorden urbanizacións privadas, con xardíns e zonas verdes ben coidadas, de acceso restrinxido aos residentes, con centros comerciais de luxo, campos de golf, etc.
- **ZONAS MARXINADAS.** Na periferia das cidades dos países subdesenvolvidos, e tamén de moitas cidades dos países desenvolvidos, existen enclaves de marxinação ou zonas de asentamentos precarios, ás veces denominados *favelas* ou *slums*. Neles malvive parte da poboación, sen as mínimas condicións de habitabilidade e, a miúdo, de xeito ilegal.

A CIDADE DIFUSA

Nas áreas metropolitanas, o límite entre a cidade e o campo non está moi definida. A cidade avanza sobre o campo e orixínase unha área onde se mesturan actividades urbanas e rurais. Trátase dunha zona moi dinámica e cambiante, que se denomina cidade difusa, área **periurbana** ou franxa **rururbana**.

No territorio da cidade difusa organízanse actividades en función das necesidades da metrópole e dificilmente se poderían localizar dentro da cidade: urbanizacións, polígonos industriais, instalacións deportivas, cultivos destinados ao mercado urbano, centros comerciais, aeroportos, vías de transporte. Trátase dunha difusión das funcións e actividades tradicionais da cidade que se desenvolven sobre un territorio máis extenso e de límites variables.

O crecemento da cidade difusa débese sobre todo ao elevado prezo do solo da gran cidade e foi posible, en gran parte, ao desenvolvemento do transporte privado e ao aumento das infraestruturas viarias que facilitan o achegamento á cidade de certas áreas rurais. Esta aproximación campo-cidade converte en habitual o feito de que as persoas vivan nun lugar e que o traballo e os espazos de lecer se localicen en lugares diferentes.

3.5. O SISTEMA URBANO ESPAÑOL

As cidades que compoñen o sistema urbano español organízanse xerarquicamente e conforman eixes urbanos con diferente nivel de dinamismo e de integración. Estes eixes, herdados da época industrial, experimentaron cambios desde a década de 1980, relacionados coa implantación do Estado das autonomías e a integración española no contexto internacional.

As grandes aglomeracións urbanas superan os 500.000 habitantes, sendo a de Madrid (5 millóns) a que ocupa o primeiro lugar no sistema. A continuación está a área metropolitana de Barcelona (máis de 3 millóns), configurando polo seu tamaño un **sistema bipolar**, xa que o resto das cidades son moito menores. As seguintes cinco aglomeracións superan 800.000 habitantes (Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e a área metropolitana asturiana). Continúan as áreas de máis de 500.000 habitantes: Alicante-Elche, Zaragoza, Bahía de Cádiz, Murcia, Granada, Las Palmas de Gran Canaria, Vigo-Pontevedra, Palma de Mallorca. Completan o sistema un elevado número de aglomeracións e cidades medias entre 50.000-250.000 habitantes, debido á recente difusión de poboación e actividades económicas desde as grandes aglomeracións urbanas.

A distribución territorial das cidades peninsulares polo seu tamaño caracterízase pola localización no centro peninsular da maior aglomeración urbana, Madrid, e rodeando atópanse as principais aglomeracións urbanas, situadas na periferia, e un interior pouco urbanizado, onde predominan as cidades medias e pequenas.

Segundo as actividades socioeconómicas predominantes, podemos distinguir as seguintes funcións urbanas no sistema español:

- **Cidades primarias**, especializadas en actividades do sector primario: agrocidades andaluzas, manchegas, murcianas e levantinas (Almendralejo, Écija, Osuna).
- **Cidades secundarias**, especializadas na industria da Revolución Industrial (Avilés, Bilbao), do desarrollismo dos anos 1960 (Huelva, Valladolid, Zaragoza).
- **Cidades terciarias**, especializadas nos servizos, actividades que mellor definen na actualidade o rango e influencia da cidade: empresariais, financeiros, comerciais, de

transporte, administrativos, culturais, sanitarios, relixiosos, turísticos (Madrid, Palma de Mallorca).

No sistema urbano español, as **relacións entre cidades** caracterízanse por:

- ✓ As relacións **máis intensas** corresponden a Madrid, que mantén importantes fluxos coas demais metrópoles, especialmente con Barcelona. Barcelona ten unha influencia xeral máis débil, aínda que intensa no leste peninsular e Baleares. O cadrante nordés é a área de maior integración, con intensas relacións entre Madrid-Barcelona-Valencia-Bilbao-Zaragoza).
- ✓ No resto do sistema, as relacións son **máis reducidas e incompletas**. Predominan os fluxos das cidades coa súa zona rural ou con cidades próximas. Á área con maior desconexión entre cidades é a que rodea a Portugal, agás Galicia; na Submeseta Sur existen amplos espazos desconectados; no Cantábrico, as relacións debilítanse cara ao oeste; as relacións entre as cidades andaluzas e levantinas son pouco intensas.

3.6. O FENÓMENO URBANO EN GALICIA

O fenómeno urbano foise consolidando, aínda que tarde (nas últimas décadas do S.XX), como un elemento básico e definitorio do hábitat galego. Na actualidade as cidades son os núcleos que actúan de organizadores de todo o espazo da comunidade. Creouse un eixe atlántico entre Ferrol e Tui cun forte crecemento, onde se asenta un 70% da poboación galega, sexa en núcleos urbanos, periurbanos ou rururbanos. Porén, o interior vese apartado dese crecemento, perdendo peso tanto en volume demográfico como económico, converténdose nun área periférica e dependente da anterior.

A saturación do espazo urbano, o custo da vivenda e a súa degradación medioambiental levou á expansión das cidades máis alá dos seus límites tradicionais creando amplos espazos periurbanos onde se repiten as desigualdades sociais e a especulación propias da cidade. Isto desenvolveuse desde os anos 1970 nas dúas cidades que lideran o sistema urbano galego (A Coruña e Vigo), e desde os oitenta estendeuse a Santiago e Ourense, tendendo a intensificarse e expandirse ás outras cidades galegas (Lugo, Pontevedra, Ferrol). O fenómeno urbano non só se localiza nas cidades propiamente ditas e as súas periferias inmediatas, senón que se dá un continuo rururbano en toda a franxa atlántica.

Dentro do mundo rural certos núcleos de pouca poboación exercen funcións urbanas vertebrando o espazo rural (Verín, O Barco, Monforte, Santa Comba), con crecemento en número de habitantes que contrasta co despoboamento dos seus espazos rurais circundantes. Podemos distinguir os seguintes niveis no sistema urbano galego:

- **Rexións urbanas:** A Coruña-Ferrol, Vigo-Pontevedra.
- **Áreas urbanas:** Santiago de Compostela, Lugo, Ourense.
- **Cabeceiras do sistema urbano intermedio:** Noia, Ribeira, Vilagarcía, A Estrada, Lalín, Monforte de Lemos.
- **Subcabeceiras do sistema urbano intermedio:** Muros, A Rúa, Boiro, Rianxo, Silleda.
- **Nodos para o equilibrio do territorio:** A Cañiza, Bande, Celanova, Arzúa, Ordes, Becerreá.

Na actualidade, Galicia ten unha relación crecente co norte portugués, sendo as rexións de Minho e Tras os Montes unha prolongación do sistema urbano galego, cun eixe atlántico moi activo e dinámico e un interior caracterizado pola despoboación e o envellecemento que se converteu na periferia dese litoral desenvolvido.

3.7. PROBLEMAS AMBIENTAIS DAS CIDADES

Escaseza de vexetación

Un dos principais impactos ambientais, provocados como consecuencia do avance da urbanización, é a deforestación e a falta de zonas verdes. A falta dunhas leis urbanísticas axeitadas, a construción da cidade pódese estender e chegar a ocupar unha gran superficie. A ausencia de bosques e de zonas con vexetación nas proximidades da cidade pode alterar o clima local e o réxime de chuvias e, como consecuencia, pódese reducir a contribución de auga dos ríos e dos pozos de abastecemento.

Escaseza e contaminación da auga

A dispoñibilidade de auga potable é un problema para moitas cidades do mundo, pero o que resulta máis grave é que a auga non sexa accesible a todas as persoas por igual. O problema é maior no mundo subdesenvolvido. Como contraste, nos países desenvolvidos, a agricultura e os usos domésticos consomen auga en exceso. Outro impacto é a contaminación das capas freáticas pola falta dunha axeitada separación entre as redes de auga potable e as canalizacións de auga residual. A auga contaminada pode causar graves enfermidades.

Contaminación atmosférica

Hai fontes de contaminación difíciles de controlar, como o dióxido de xofre ou o dióxido de carbono, procedentes do fume dos vehículos e das fábricas, que orixinan unha notable contaminación atmosférica, moitas veces visible na campá de po.

Contaminación acústica

Un problema crecente é a contaminación acústica, procedente dos ruídos dos vehículos, das industrias, das obras públicas e do comportamento incívico que poida haber na veciñanza.

Sociedade consumista

O consumo masivo que se dá nas cidades, sobre todo nas dos países máis desenvolvidos, orixina grandes acumulacións de residuos sólidos que, en moitos casos, resulta difícil recoller, clasificar, reciclar ou eliminar. Os problemas máis graves orixínanse nas cidades dos países menos desenvolvidos, onde son frecuentes os vertedoiros de lixo a ceo aberto, por problemas de orzamento ou por falta de infraestruturas. As consecuencias da existencia destes vertedoiros son: malos olores, posibilidade de contaminar o subsolo, proliferación de animais roedores que transmiten enfermidades.

A cidade moderna tamén consome grandes cantidades de enerxía non renovable, procedente do petróleo e do gas natural, utilizada na climatización de espazos e nos transportes públicos e privados.